



Estimad@s pais/nais, titores/as:

Este curso vólvense convocar Eleccións a Consellos Escolares como cada dous anos. Neste centro, vostedes poderán elixir a **tres** dos cinco representantes que, polo número de unidades, correspóndelle ao sector de pais/nais, titores/as (1 designado pola ANPA e 2 elixidos por votación).

Quizais é o momento de lembrarllas a importancia do Consello Escolar como órgano de xestión e control dentro da vida do centro educativo reproducindo o artigo 127 da LOMLOE:

*Artigo 127. **Competencias do Consello Escolar.***

O Consello Escolar do centro terá as seguintes competencias:

- a) Aprobar e avaliar os proxectos e normas a que se refire o capítulo II do título V desta lei.*
- b) Aprobar e avaliar a programación xeral anual do centro, sen prexuízo das competencias do Claustro en materia de planificación e ordenación docente.*
- c) Coñecer as candidaturas á dirección e os proxectos de xestión presentados polos candidatos.*
- d) Participar na selección do director do centro nos termos establecidos nesta Lei. Ser informado do nomeamento e cesamento dos demais membros do equipo directivo. Se é o caso, previo acordo dos seus membros, adoptado por maioría de dous terzos, propondrá a revogación do nomeamento do director.*
- e) Decidir sobre a admisión de estudantes con suxeición ao disposto nesta lei e disposicións que a desenvolvan.*
- f) Promover a adopción e seguimento de medidas educativas que favorezan o recoñecemento e protección dos dereitos da infancia.*
- g) Propoñer medidas e iniciativas que favorezan estilos de vida saudables, a convivencia no centro, a igualdade efectiva entre mulleres e homes, a non discriminación, a prevención da o acoso escolar e a violencia de xénero e a resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.*

h) Coñecer as condutas contrarias á convivencia e a aplicación de medidas educativas, de mediación e correctoras, procurando que se axusten á normativa vixente. Cando as medidas correctoras adoptadas polo director ou directora correspondan a condutas do alumnado que prexudiquen gravemente a convivencia do centro, o Consello Escolar, por instancia dos pais ou titores legais ou, se é o caso, do alumnado, poderá revisar a resolución. adoptadas e propor, se é o caso, as medidas oportunas.

i) Impulsar progresivamente a conservación e renovación das instalacións e equipamentos escolares para a mellora da calidade e da sustentabilidade e aprobar a obtención de recursos complementarios segundo o disposto no artigo 122.3.

j) Fixar as pautas de colaboración, con fins educativos e culturais, coas Administracións locais e con outros centros, entidades e organismos.

k) Analizar e valorar o funcionamento xeral do centro, a evolución do rendemento escolar e os resultados das avaliacións internas e externas nas que participe o centro.

l) Elaborar propostas e informes, por propia iniciativa ou por instancia da Administración competente, sobre o funcionamento do centro e a mellora da calidade da xestión, así como sobre aqueles outros aspectos relacionados coa súa calidade.

m) Aprobar o orzamento do proxecto do centro.

n) Calquera outra que lle sexa atribuída pola Administración educativa.

Desde o Centro animámoslles a que:

- PARTICIPEN presentando a súa candidatura (desde o 1 ao 8 de novembro). Os modelos de participación facilítanse no Centro no horario de atención ás familias do equipo directivo.

É fundamental a participación das familias neste organismo e como única obrigaición, se son elixidos, figura participar nas reunións que se convoquen do Consello Escolar (unhas cinco / seis no curso e convocadas a partir das 16:15 h.).

- COMPROBEN que figuran no Censo de Pais/ Nais/ Titores-as e que os seus datos son correctos (ata o 6 de novembro). Estará exposto no taboleiro do centro.

- VOTEN o día 19 de novembro (de 16:20 a 20:00 h.) e traer o día da votación o DNI.

Mesón do Vento, 30 de outubro de 2024.